



Vogais do Consello Asesor do Museo de Pontevedra

## Teresa Táboas Veleiro

---

Cidade de México, 1961

Doutora Arquitecta.

Colaborou durante 6 anos no Estudio do Arquitecto César Portela Fernández-Jardón, e exerceu durante dous anos como arquitecta municipal no Concello de Marín.

Desde o ano 1990, no que funda o seu estudio de arquitectura, vén desenvolvendo numerosos proxectos de edificación e urbanismo, gañando diferentes premios.

Entre 1999 e 2003 foi presidenta da delegación pontevedresa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, sendo a primeira muller elixida como decana-presidenta do mesmo en 2003. Así mesmo, foi vicepresidenta do Instituto Tecnolóxico de Galicia, vonselleira titular do Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España, e membro da Comisión de Vivenda do referido Consello.

Nomeada polo Consello Superior de Arquitectos de España no ano 2003 ante o Consello de Arquitectos de Europa (Bruxelas) membro das comisións Urban Issues e Enviroment and Sustenaible Architecture.

Codirixiu dende Abril do 2005 o traballo 'Social Housing' por encargo do grupo de traballo de urbanismo do Consello de Arquitectos de Europa sobre a realidade da vivenda publica na Unión Europea.

Desde agosto de 2005 ata abril de 2009 ocupou o cargo de conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia.

No ano 2006 recibiu a medalla de ouro da Universidad Anáhuac pola súa traxectoria profesional e, en 2018, foi nomeada membro honorífico da Federación de Colexios de Arquitectos da República Mexicana.

É autora de varios libros sobre emigración e arquitectura, e colabora habitualmente cos seus artigos en revistas especializadas e prensa. Así mesmo, ten impartido conferencias en diversas Institucións e Universidades estatais e internacionais.

### COMPETENCIAS

- ✓ Arquitectura
- ✓ Ordenación urbanística
- ✓ Arquitectura sostible



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



Museo de Pontevedra